

O PSdeG de Lugo apoiará aos veciños nunha recollida de firmas para solicitarlle á Xunta a Hemodinámica e Radioterapia no HULA

Os socialistas atenderon esta tarde á idea presentada por AgrupaLugo e porán a disposición dos veciños toda a estrutura do partido na provincia, desde as comarcas e as agrupacións locais, para recabar “o maior número de apoios todos xuntos nun asunto prioritario para Lugo” no que “hai que ir unidos porque os lucenses e as lucenses non son cidadáns de segunda”

O PSdeG-PSOE de Lugo celebrou esta tarde un encontro aberto aos veciños na súa sede no que o deputado autonómico e secretario de organización Carlos González Santín, o deputado provincial e coordinador da comarca Álvaro Santos e os médicos Miguel Ángel Rodríguez Lois, secretario de Sanidade da Executiva provincial socialista, e José Luis Rodríguez López, voceiro socialista en Guntín, expuxeron a situación actual do HULA e deron o seu apoio para realizar accións encamiñadas a que a Xunta cumpra a súa promesa de dotar o hospital con unidades de Hemodinámica e Radioterapia. Na xuntanza, o presidente da asociación veciñal Agrupalugo, Diego Pena, trasladou a idea de recoller firmas en toda a provincia para presentar unha iniciativa popular no Parlamento. Os socialistas anunciaron que apoian a iniciativa e colaborarán cos veciños desde as agrupacións locais e comarcais para mobilizarse e “recabar o maior número de apoios todos xuntos nun asunto prioritario para Lugo”.

Asimesmo, terán a disposición da cidadanía nas sedes as follas para recoller sinaturas para todo o que o desexe, e ofrecen a súa axuda noutras accións previstas polas asociacións, como pedir entrevistas cos grupos parlamentarios, a conselleira de Sanidade e o presidente da Xunta. No encontro veciñal, os socialistas lembraron que “o índice de mortandade dos lucenses por infarto é o dobre que noutras provincias” e a ausencia deste servizo, da Radioterapia ou da Medicina Nuclear fai “que en Galicia haxa cidadáns de primeira e outros de segunda, que teñen que aguantar complicacións, traslados e incomodidades para poder recibir servizos sanitarios imprescindibles”. Por iso o PSdeG considera este asunto “prioritario para todos e todas, polo que hai que ir unidos” para conseguir “que a Xunta dea explicacións dun asunto que se non se fai non é por razóns económicas nin operativas”, senón “por outros intereses que terán que explicar e por indiferencia cara a Lugo”, e para que os servizos comecen a estar operativos canto antes.

Lugo, 21 de decembro de 2012

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com